

Tras a realización dunha exhaustiva investigación para a localización das nosas dúas instalacións hoteleiras concluímos que Laredo é a situación ideal para para instalar as nosas cabanas destinadas a turismo rural e Sagunto para o noso hotel de sol e praia.

Os documentos principais para realizar o estudio foron dous mapa temáticos, corocromáticos, con isoliñas (liñas que unen puntos con igual valor; isothermas para a temperatura e isohietas para a precipitación) que representan a temperatura media anual en grados centígrados e as precipitacións acumulados ao longo dun ano en mm (o mapa representa o territorio español de PI e os arquipélagos canario e balear) e dous climogramas, gráfico que que representa as temperaturas medias mensuais (mediante un gráfico lineal) e as precipitacións totais mensuais (mediante un gráfico de barras) dunha zona ao longo dun ano.

No primeiro caso buscábamos unha zona cunhas temperatura medias anuais entre 12,5 e 15 °C e unha precipitación acumulada anual entre 1000 e 1800 mm, que coincide cas características climáticas do litoral cantábrico e norte da costa galega e algunhas áreas do interior da Galicia occidental e val do río Miño (zonas de interior pero preto das costas, onde a influencia litoral é importante). Polo tanto atopariámonos nas zonas cun clima oceánico litoral.

No segundo caso tiñamos que atopar un área cunhas temperatura medias anuais entre 17,5 e 20 °C e unha precipitación acumulada anual entre 400 e 800 mm, que coincide cas características climáticas do litoral valenciano e gran parte da costa andaluza (toda a costa andaluza cumpre o requisito de temperatura, pero a costa do SL, Almería, queda excluída por ter escasas precipitacións e as costas próximas o estreito, tamén, pero ter demasiadas precipitacións). Nesta caso, a depresión do Guadalquivir tamén cumpriría cos requisitos climáticos, pero non serían una opción por buscar áreas de “sol e praia”. Polo que falamos dun clima mediterráneo litoral (en concreto, variantes levantina e subatlántica).

Estes trazos termopluviométricos veñen determinados por diferentes factores xeográficos e termodinámicos.

En Laredo e áreas similares, a distribución da precipitación ao longo do ano é moi regular, xa que, ao situarse no extremo norte da PI, se atopa baixo a acción continua das borrascas da fronte polar; aínda que no verán se pode observar certa influencia do anticiclón dos Azores, que despraza as borrascas e fronte atlánticas cara ao norte, e pode dar algún mes seco (aínda que neste caso, tódolos meses son suficientemente húmidos). O total tan abundante de precipitacións débese á proximidade da costa, e se ve reforzada polo efecto de ascenso orográfico, xa que a disposición periférica do relevo obriga ao aire a elevarse e producen chuvias na vertente de barlovento.

A temperaturas suave e a baixa amplitude térmica débese á influencia reguladora do mar, que no inverno se comporta como unha masa cálida respecto á terra, temperando a temperatura, mentres que no verán actúa á inversa, suavizando a calor.

O total de precipitacións é moi alto, de 1117 mm (España húmida), a distribución é bastante regular ao longo do ano, aínda que adoita darse un máximo de precipitación no inverno e un máximo secundario no outono, debido á maior frecuencia de paso das borrascas atlánticas, e un mínimo relativo no verán debido ao anticiclón dos Azores.

A Temperatura media é suave ou temperada, 14, 1°. Unha mínima anual en xaneiro de 9° define un inverno moderado ou suave e a máxima situada no mes de Agosto que non supera os 20° propio dun verán fresco ou pouco caloroso, a oscilación ou amplitude térmica é de 10-11°, polo tanto baixa, como corresponde a un clima de influencia marítima oceánica.

Por outro lado, en Sagunto a zonas similares, as precipitacións son menores porque as borrascas atlánticas (que traen os ventos dominantes procedentes do atlántico), de por si menores, por estar nunha latitude media-baixa, perden a súa humidade ao atravesar a Península e as barreiras montañosas paralelas á costa mediterránea (sistema ibérico), o seu máximo principal é no outono (hai un máximo secundario en primavera), debido ás tormentas ocasionadas polo contraste entre as augas cálidas do Mediterráneo e a terra, que arrefría máis á presa. Tamén poden producirse pola chegada de masas de aire do leste procedentes do continente europeo que ascenden polas cordilleiras litorais, ou por gotas frías e irrupcións de aire frío en altura motivadas polo inicio do descenso en latitude da corrente en chorro.

Dentro do litoral mediterráneo pódese observar un incremento das precipitacións a mediada que subimos en latitude, sendo a costa almeriense a máis seca e costa norte catalá a máis chuviosa. As temperatura media anual é das máis altas do litoral mediterráneo a pesar do factor latitudinal (as temperaturas aumentan cara ao sur e a costa valenciana está máis ao norte) debido a que o mediterráneo un mar cálido e pechado e esa zona está bordeada por relevos montañosos, polo que actúa como un almacén de calor e non pode amortecer moito as elevadas temperaturas estivais, mentres que a influencia reguladora sobre o frío invernal si é máis efectivo (e dicir, regula a temperatura no inverno e non permite que sexan frías, pero non no verán onde son moi quentes), polo tanto, debido a escasa influencia reguladora do mar, a amplitude térmica é alta.

O total de precipitacións esta entre moderadas e escasas, de 449 mm, pero como non chega aos 800 mm situámola na España seca, a distribución é irregular, xa que so atopamos tres mes con aridez (en xullo non chega a 10 mm), cun mínimo principal no verán; e máximos equinociais, principalmente no outono (destaca outubro).

A temperatura media anual é temperada cálida, con 18,5° . A mínima, en xaneiro e con 9,7° C, define un inverno moderado ou suave e a máxima situada nos meses de xullo e agosto con 27,2° propio dun verán moi caloroso, a oscilación ou amplitude térmica é de 17,5°, polo tanto alta, e corresponde a un clima de influencia marítima mediterránea.